

# EVE CORNELIOUS QUARTET

EVE CORNELIOUS VOZ BRIAN CHARETTE ÓRGANO TELMO FERNÁNDEZ GUITARRA JASON BROWN BATERÍA

A PRESTIXIOSA CANTANTE NADA EN NEW JERSEY, EVE CORNELIOUS, PRESENTA ESTE CUARTETO ESPECIAL XUNTO AO GRAN ORGANISTA NEOIORQUINO BRIAN CHARETTE, O GUITARRISTA TELMO FERNÁNDEZ E O BATERISTA ESTADOUNIDENSE JASON BROWN.

Eve Cornelious comeza a cantar a moi temprana idade en reunións familiares unha mestura de Gospel, R& B, Blues e poesía. O participar tamén nos coros da Igrexa e escola fanlle crecer o seu amor pola música. Posuidora dos títulos de **Business Management** por Hampton University e **General Music e Jazz Performance** por North Carolina Central University, a súa vida cambia cando recibe o premio "Jazz Discovery Award" da canle de televisión BET (Black Entertainment Television). Gravou un concerto para esta canle que estivo en antena durante anos, así mesmo comezou a presentar para a mesma canle o programa "BET Jazzy Vocals".

Dende entón tivo unha notable carreira, xirando tanto en USA como no resto do mundo. Como artista tocou e realizou gravacións con figuras como Ramsey Lewis, Chucho Valdés, John Hendricks, Mulgrew Miller, Norman Connors, Dr. Lonnie Smith, Winard Harper, Javon Jackson, Mark Whitfield, Alvin Atkinson, Chip Crawford, Roy Hargrove e moitos outros.

No Smoke Jazz Club en Nova Iork era unha das vocalistas residentes tocando con músicos como Jeremy Pelt, Rodney Green ou Anthony Wonsey.

Foi galardoada cos seguintes premios: The "BET" Jazz Vocal Discovery Award (Black Entertainment Television), The Jazz Composers Fellowship Award (North Carolina Arts Council), The "INDIE" Award, The Lionel Hampton Jazz Performance Award e The Russian Jazz Performance Award.

Dentro da súa discografía como sidewoman, destacan os álbumes "Sky Island" con Ramsey Lewis, "Remember Who You Are" con Norman Connors e "Easy Does It" con Javon Jackson. Como líder "Faces Of Eve", "I Feel Like Some Jazz Today" ou "Live @ Smoke" cunha mestura de Jazz, Funk, Soul, Blues, R& B, Vocalese e Composición.

Actualmente compaxina o ensino en East Carolina University con concertos e clinics por todo o mundo.



**Brian Charette** é un organista/pianista neioirquino que se estableceu como unha das principais voces no jazz moderno. Patrocinado por **Hammond** e artista dos selos **Steeplechase** e **Positone Records**, gañou a enquisa dos críticos no ano 2014 na categoría **Organ Rising Star** e desde 2015 está entre os 10 primeiros na categoría principal de órgano. Ese mesmo ano tamén gañou o premio a mellor organista na revista neioirquina **Hot House**.

Brian Charette comezou a tocar Jazz na súa adolescencia e aos 17 anos xa tocaba con lendas como **Lou Donaldson** ou **Houston Person**. Á parte de ser un compositor e líder notable tocou con artistas como: **Joni Mitchell**, **Chaka Khan**, **Paul Simon**, **Cyndi Lauper**, **Oz Noy**, **Vinnie Colaiuta**, **John Patitucci** e moitos outros. Charette tamén é un autor e educador activo escribindo para **Keyboard Magazine**, **The New York City Jazz Record**, **DownBeat**, **Electronic Musician** e a revista checa **Muzikus**. Brian imparte masterclasses por todo o mundo e forma parte do profesorado do **Czech Summer Jazz Workshop** no **Jesek Conservatory** en **Praga**. En **Nova Iork** ensina en **The New School** e a **92 nd E School of Music**. O seu primeiro libro **101 Hammond B3 Tips** publicado por **Hal Leonard** volveuse moi popular do mesmo xeito que os seus vídeos en **mymusicmasterclass.com**

**Jason Brown** é un dos baterías máis demandados na escea do **jazz neoyorkino** e foi a forza impulsora detrás de grandes artistas dende os tempranos inicios da súa carreira. Graduado por **Oberlin Conservatory**, Brown aprendeu o oficio de mans de **Billy Hart**. Durante sete anos xirou e grabou con a **vocalista e compositora nominada os Grammys Carmen Lundy**. Con **Pat Martino** tocou en grandes festivais arredor do mundo. Desde o ano 2015 forma parte do grupo do organista **Joey DeFrancesco** co que graba dous álbumes. Tocou con artistas como **Monty Alexander**, **Lizz Wright**, **Cedar Walton**, **Nicholas Payton**, **Wayne Escoffery**, **Orrin Evans** e **Kurt Rosenwinkel**. Como líder foi varias veces o artista destacado da **Jazz Philharmonic Orchestra de St Petersburg**. Tamén lidera o seu cuarteto xunto o saxofonista tenor **Steve Grossman** e outros grupos arredor de **Nova Iork e Estados Unidos, Europa, África ou Rusia**, compaxinando concertos coa súa labor didáctica.

## JASON BROWN



# TELMO FERNÁNDEZ



**Telmo Fernández** é un guitarrista vocacionalmente autodidacta aunque licenciado en Jazz polo Conservatorio Superior de Música do País Vasco, **Musikene**. Se move con soltura en outros estilos como o **Latin Jazz, RnB soul ou o funk**. Comeza a súa andadura musical en Galicia onde destaca a súa participación en diferentes proxectos como o decateto con arranxos e composicións orixinais do pianista **Abe Rábade "Ten Jazz Men", Imaxina Jazz Orquesta, The Groovefathers** os cales son seleccionados pola **AIE (Artistas En Ruta)** para unha xira pola península. Representa a **Estudio Escola de música**, onde imparte clases de guitarra, en el **XIV IASJ Jazz Meeting**, celebrado na cidade de **Freiburg** (Alemania).

No ano 2006 trasládase a **Nova Iork** e o seu concepto musical cambia por completo. Toca en locais como **St. Nick's Pub, Black American Theatre, SOB's**, entre outros de Nova Iork e tamén en **Philadelphia, Mississippi** ou **Nova Orleans** ca cantante **Tawanna Shaunte**.

Tocou con artistas como **Kiki Cortiñas, Chip Wickham, Aurora García, Maika Sitte, Desiree Diouf, Charles Gould, Sean Wayland, Sanah Kadoura, The Filthy Six, Naima Acuña, Iago Fernández, Paco Charlín, Olamide Faison**, e ademais con algúns dos mellores organistas da escea como: **Brian Charette, Pat Bianchi, Jared Gold ou Phil Wilkinson** co que graba **The Soul Jazz Beat Vol.1 e Vol.2**, o cal é editado polo selo **Sweet Records** e incluído tras a súa edición no recopilatorio de música funk da **BBC Londinense The Craig Charles Funk & Soul Club Vol.4** en **Freestyle Records**. No ano 2019 é editado en vinilo pola discográfica francesa **Atomic Soul** e ese mesmo ano o selo norteamericano **Color Red** faise cos dereitos do álbum. Sobre o disco o lexendario organista/pianista **Ronnie Foster (George Benson, Grant Green, Stevie Wonder, Michael Jackson)** comenta: *"Pot Pie" (Fernández) -Great Groove and Melody- "Chicken Fingers" (Fernández) -reminds me of Funk Inc. another Great Melody....Funky Funky- "Vagabond Blues" (Wilkinson)"Great tune nice Melody and Chord changes nice change of pace from the other tunes, brings back the memories when I played with Grant Green"*

*The whole album is Great!!! these 5 are the ones that moved me the most. It's so Beautiful to hear this music still being played and appreciated. Bravo Fella's Bravo Beautiful!!!! Peace Ronnie Foster.*

## EVE CORNELIOUS QUARTET

● CONTRATACIÓN/CONTACTO

**FDS PRO**

☎ 619686476

INFO@FDSPRODUCCION.COM

